

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 9 de decembro de 2022
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día nove de decembro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia da Ilma. Sra. Dna. M^a del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Iria Lamas Salgueiro, D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *D. Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal., e está presente o Sr. Interventor, *D. Antonio Graña Gómez*.

Non asiste o deputado D. Carlos López Font nin a deputada Dna. Ana Laura Iglesias González, xustificando as súas ausencias.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32364.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 2 de decembro 2022.

2.32365.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “EN RUTA COA DEPO 2023” (EXPTE. 2022063049)

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca unha nova edición do programa “*En ruta coa Depo*”, o cal ten por finalidade mellorar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, impulsando a igualdade de oportunidades para os colectivos con discapacidade, ofrecéndolle alternativas de ocio e tempo de lecer á poboación xuvenil da nosa provincia e promovendo rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente nenas e nenos.

Trátase, polo tanto, dun plan cun claro obxectivo social, xa que permite que as entidades sen ánimo de lucro da provincia de Pontevedra poidan realizar unha das 33 excursións recollidas no catálogo de rutas ofertadas, acompañadas de persoal especializado, contribuíndo á desestacionalización do turismo de proximidade. O catálogo do programa inclúe rutas específicas adaptadas a persoas con mobilidade reducida, a familias e á mocidade. Así mesmo, resérvanse prazas gratuítas para persoas en situación de risco ou exclusión social.



Destacar que este programa, ten un grande arraigo na provincia, desenvolvéndose desde fai mais de 10 anos, participando preto de 20.000 persoas nas últimas edicións, permitindo fomentar o tecido asociativo á vez que promocionar e dar a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade.

2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei.

Así mesmo, no artigo 63 relativo ás competencias das Deputacións provinciais, establécese que de conformidade có previsto na normativa de réxime local, éstas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

3º.- Ofertaranse un total de 33 rutas por lugares emblemáticos da nosa provincia.

O programa consiste en pasar un día coñecendo os lugares sinalados na ruta asignada a cada entidade, cunha persoa do equipo de guías e inclúe o xantar, o transporte e as visitas guiadas.

Cada entidade poderá escoller, por orde de preferencia, tres rutas entre as ofertadas. A concesión das subvencións para este programa realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a xefatura do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

Ofértanse máximo de 20.000 prazas, que serán outorgadas segundo esta orde de prevalencia:

- Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas de discapacidade, familia, infancia e menores.
- Entidades inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) na categoría de iniciativa social nas áreas restantes.
- Outras entidades sen ánimo de lucro.



Logo de ter en conta esta circunstancia a prelación será por orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Unha vez cubertas as 20.000 prazas ofertadas, o resto das solicitudes quedará en lista de agarda.

4º.- O custo da praza é de 37,27 €, e o programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas beneficiarias do programa aboarán 13,50 €
- A Deputación asumirá a cantidade restante, resultante do prezo de adxudicación.
- Reservarase un total de 300 prazas gratuítas, das que a Deputación asumirá a totalidade do seu custo.

No caso de que non se cubra o total das prazas gratuítas reservadas para as persoas en situación de vulnerabilidade, o crédito retido para estas prazas pasará a incorporarse á concesión de prazas ordinarias.

5º.- Respecto ao prazo de presentación de solicitudes, prevese que será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao quinto día hábil contado dende a data de publicación no BOPPO, en canto estea fixada o prazo fixarase de data a data.

6º.- Establécese unha contía consignada para este programa de catrocentos setenta e nove mil catrocentos cincuenta (479.450,00 euros), con cargo á aplicación orzamentaria 23/231.2311.227.07 do Orzamento da Deputación, para un total de 20.000 prazas, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

7º.- Con data 1 de decembro de 2022 Intervención informe favorable o expediente para a aprobación das citadas bases, deixando constancia que *“(...) A contía prevista para este proxecto acada os 479.450,00 euros para un total de 20.000 prazas, imputables á aplicación 23/231.2311.227.07 condicionada á entrada en vigor do orzamento para 2023, por tratarse dunha tramitación anticipada. (...)”*.

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras do programa “EN RUTA COA DEPO” 2023, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras do Programa “EN RUTA COA DEPO 2023”.

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): 1BSCEZTO794UVNP6

O Catálogo de rutas figura asinado dixitalmente có (CSV): 1TQ55O7601Z34PLB

Pódese verificar a integridade destes documentos no enderezo: <https://sede.depo.gal>



3.32366.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILA DE CRUCES PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6306 AGOLADA-CRUCES, DO P.Q. 16+450 Ó P.Q. 16+750 (CONCELLO DE VILA DE CRUCES)”. (EXPTE.2021018632)

1. O 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces formalizaron un convenio establecendo as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750*” por importe de 182.032,97 € e con vixencia, conforme á súa cláusula novena, ata o 31 de decembro de 2022.

A distribución do financiamento é a seguinte:

ORGANISMO	ACHEGA/ €	%
Deputación de Pontevedra	145.626,38	80%
Concello de Vila de Cruces	36.406,59	20%

A Deputación de Pontevedra financiou a súa achega € con cargo á aplicación 21/456 4530 612.02. O Concello de Vila de Cruces financiou a súa achega con fondos propios.

2. A Deputación de Pontevedra solicitou o 12 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está na actualidade pendente de resolución.

3. O xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas informou o 18 de outubro de 2022 que pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022, con toda probabilidade, a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023 (recepción, medición, certificación final...), polo que é necesaria unha prórroga do convenio de colaboración para que o mesmo teña validez durante o vindeiro ano.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

2ª A addenda está destinada a facilitar o remate e a entrega ao uso público das obras obxecto do convenio e a reformulación do financiamento de concederse a axuda solicitada ao IDAE, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000). Cumpre os requisitos esixidos no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, dado que o convenio está vixente e a ampliación do prazo ata o 31 de decembro de 2023 atópase dentro dos límites legais no relativo á duración máxima dos convenios de colaboración.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría e da Intervención Xerais, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a seguinte addenda:

“ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILA DE CRUCES PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6306 AGOLADA-CRUCES, DO P.Q. 16+450 Ó P.Q. 16+750”.

INTERVENEN

Dunha parte María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Doutra parte Luís Celso Taboada Sánchez, alcalde do Concello de Vila de Cruces, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra. As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 16 de novembro de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750”



II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2022 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- A Deputación solicitou o 12 de novembro de 2021 ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) unha axuda para as actuacións obxecto do convenio, ao abeiro do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos de proxectos singulares locais de enerxía limpa en concellos de reto demográfico (PROGRAMA DUS 5000)), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm.185, de 4 de agosto de 2021). Esta solicitude está pendente de resolución.

IV.- Pese a que o prazo de execución da obra remata dentro do ano 2022, a tramitación derivada da execución da obra prolongarase ata o ano 2023.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN:

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2023 a vixencia do Convenio de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vila de Cruces para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 6306 Agolada-Cruces, do P.Q. 16+450 ó P.Q. 16+750 (Concello de Vila de Cruces)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 16 de novembro de 2021 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as dúas partes asinan a presente addenda na data da sinatura dixital.

A presidenta da Deputación Provincial,
María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello de Vila de Cruces,
Luís Celso Taboada Sánchez

O secretario xeral da Deputación,
Carlos Cuadrado Romay”

Segundo.- Aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2023, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía, que neste caso concreto son trinta e seis meses. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.



Asemade no caso de cumprirse as condicións establecidas no Real Decreto-lei 3/2022, do 1 de marzo, de medidas para a mellora da sustentabilidade do transporte de mercadorías por estrada e do funcionamento da cadea loxística, e polo que se traspoñe a Directiva (UE) 2020/1057, do 15 de xullo de 2020, pola que se fixan normas específicas con respecto á Directiva 96/71/CE e a Directiva 2014/67/UE para o desprazamento dos condutores no sector do transporte por estrada, e de medidas excepcionais en materia de revisión de prezos nos contratos públicos de obras, esta revisión excepcional, de habela, será financiada cos mesmos coeficientes de financiamento.

Terceiro. Facultar á presidenta para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Cuarto.- Notificarlle o presente acordo ao *Concello de Vila de Cruces* e comunicarllo á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

4.32367.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN DEPORTIVA BILLAR POOL Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “CTO. GALEGO BILLAR POOL 2022”, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (EXPTE. 2022025662)

Aprobada pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial de data 16 de setembro de 2022 unha subvención a favor da *Asociacion Gallega Billar-Pool* con NIF: G36201093, do *Concello de Cangas*, por un importe de 2.077,97 €, para o “CTO. GALEGO BILLAR POOL 2022” e con cargo á aplicación 22/340.3410.489.04, e recibido escrito, presentado no Rexistro Web nº 2022060745 con data 29/11/2022 do citado club renunciando á subvención concedida dado que non se celebrou o evento, polo que, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

5.32368.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DE SABELA FERNANDEZ IGLESIAS Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA PARA “FORMACIÓN MULLERES EN POSTOS DE TÉCNICAS E ADESTRADORAS 2021”, APROBADA POR RP 2021007848 DE DATA 29/12/2021 (EXPTE.2021057595)

Aprobada pola Resolución Presidencial número 2021007848 desta Deputación provincial de data 29 de decembro de 2021 unha axuda a favor de *SABELA BERNADEZ IGLESIAS* con NIF:77550546C do *Concello de Pontevedra*, por un importe de 160,00 €, para “FORMACIÓN DE MULLERES NOS POSTOS DE TÉCNICAS E ADESTRADORAS” e con cargo á aplicación 21/340.3410.489.06, e recibido escrito presentado no Rexistro Web nº 2022026750 con data 28/11/2022 renunciando á axuda concedida por non realizar o curso de técnica/adestradora, a Xunta de Goberno queda enterada e acepta dita renuncia, de acordo co artigo 94.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.




6.32369.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE TOMIÑO (EXPTE. 2022064714)

Dada conta que con data 14/10/2022 (núm. rex. 2022023775), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Daniel Muñoz Ruiz en representación de D^a. Rosabelle Rodríguez González, por danos en vehículo producidos en accidente de circulación a consecuencia da irrupción dun xabaril na estrada PO-344 de Forcadela (PO-552) a Couso (PO-340), no Concello de Tomiño, o día 24/03/2022, e que foi cuantificada economicamente en 3.625,56 €.

Resultando.- Que con data 03/11/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 15/11/2022, co seguinte contido:

Compróbase que a localización do punto indicado onde tivo lugar o sinistro atópase nunha estrada de titularidade autonómica, e fóra da zona de afección das estradas provinciais, polo que a Deputación Provincial non ten competencias en materia de estradas nese punto.



As estradas provinciais (trazadas en vermello) na imaxe distan bastantes quilómetros do lugar do accidente referido no atestado da Guardia Civil cos seguintes datos de localización indicados pola compañía da reclamante:

LONXITUDE : 8°44'39''

LATITUDE: 42°3'40''



Dito lugar, marcado en amarelo na imaxe, pertence a un vial autonómico (PO-344), sendo competencia da Xunta de Galicia.

María Elena Pérez Alonso
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.


7.32370.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓNS NO CONCELLO DE PONTEVEDRA (EXPTE. 2022068396)

Dada conta que con data 11/11/2022 (núm. rex. 2022025799), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D^a. M^a. Isabel Arís Casado, por lesións padecidas por mor dunha caída a consecuencia dun socavo no asfalto do aparcamento exterior do Hospital Montecelo, no Concello de Pontevedra, o día 23/11/2020, e que foi cuantificada economicamente en 24.579,45 euros.



Resultando.- Que con data 15/11/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 22/11/2022, co seguinte contido:

O aparcamento exterior fronte ó Hospital de Montecelo non forma parte da rede provincial de estradas polo que non é competencia deste organismo os traballos de conservación e mantemento do mesmo.



María Belén Pampín Camino
Enxeñeiro

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade demanial.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

8.32371.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-2601 MOS- PUXEIROS DENDE O P.Q. 0+020 ATA O P.Q. 0+600 (CONCELLO DE MOS)". (EXPTE. 2022045199).

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 2601 Mos-Puxeiros, que transcorre polo Concello de Mos e que ten unha lonxitude total de 5.665 m.

Resultando.- Que a EP-2601 que conecta Mos con Puxeiros é de dobre sentido de circulación e de sección variable. No treito comprendido entre o PQ 0+020 e o PQ 0+600 atópanse na súa marxe esquerda o acceso o paseo fluvial e o parque infantil e a marxe dereita a Igrexa de Santa Eulalia, o acceso o albergue de peregrinos, o aparcamento e o parque de Pazo de Mos. Debido os diferentes equipamentos públicos que existen no entorno do treito estudado e a maiores que por el discorre o camiño de Santiago portugués, trátase dunha zona moi concorrida a nivel peonil, e que na actualidade se mostra insegura para os mesmos. A maiores, dita estrada presenta unha elevada IMD o que dificulta a mellora da seguranza na zona.

Resultando.- Que na súa consecuencia, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos, formalizaron na data 28/06/2022 o convenio de colaboración para a execución do proxecto *“Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)”*, por importe de 446.545,39 €.



Resultando.- Que recolle o citado convenio, que os investimentos necesarios para a realización das mencionadas obras serán financiados pola Deputación e o Concello de Mos mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación Pontevedra	312.581,77 €	70
Concello Mos	133.963,62 €	30
TOTAL INVESTIMENTO	446,545,39 €	100

Resultando.- Correspóndelle á Deputación a redacción do proxecto técnico para a execución das obras “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse pola enxeñeira Trinidad López Rodríguez, adscrita á empresa Galaicontrol, S.L., o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”, cun orzamento base de licitación de 446.545,39 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV): ZZ9UIMVS3OR4FIOT.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de 20/10/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliabile mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*”



As empresas admitidas foron as seguintes:

- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que con data 15/11/2022 o Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, emitiu informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	2,00	24,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	2,00	22,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	2,00	18,00



NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	10,00	3,00	13,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	16,00	3,00	19,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	20,00	2,00	22,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/11/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 15/11/2022, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE -EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	339.928,07 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	350.224,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	345.869,70 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	355.501,80 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	340.998,30 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	339.411,40 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	342.289,96 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	357.310,12 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	346.423,27 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	369.046,78 €	3%	36 MESES	SI	SI
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	345.057,80 €	3%	36 MESES	SI	SI



Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na mesma reunión procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001/14001	
ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	26,53	5,00	5,00	5,00	41,53
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	17,58	5,00	5,00	5,00	32,58
CONSTRUCCIONES FECHL, S.L.U.	21,45	5,00	5,00	5,00	36,45
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	12,65	5,00	5,00	5,00	27,65
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	25,62	5,00	5,00	5,00	40,62
NAROM, S.L.	26,97	5,00	5,00	5,00	41,97
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,51	5,00	5,00	5,00	39,51
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	10,96	5,00	5,00	5,00	25,96
HORDESCON, S.L.	20,98	5,00	5,00	5,00	35,98
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,15	5,00	5,00	5,00	37,15

Resultando.- Que a na mesma reunión, a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.	24,00	41,53	65,53
2	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	39,51	62,51



3	NAROM, S.L.	19,00	41,97	60,97
4	ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	22,00	37,15	59,15
5	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,00	40,62	58,62
6	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	22,00	36,45	58,45
7	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	24,00	32,58	56,58
8	HORDESCON, S.L.	18,00	35,98	53,98
9	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	27,65	45,65
10	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO	13,00	25,96	38,96
11	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	19,00	15,00	34,00

Resultando.- A Mesa de Contratación comproba que a empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 4704) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos - Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos) á empresa ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.

Resultando.- Que requirida ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 16.996,40 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 30/11/2022 con número de operación 202200241653.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”.



Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa *ARINES OBRAS Y PROYECTOS, S.L.*, CIF (B15411705) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-2601 Mos- Puxeiros dende o P.Q. 0+020 ata o P.Q. 0+600 (Concello de Mos)*", por un importe de 411.312,96 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	339.928,07 €
IVE (21%)	71.384,89 €
Importe Total.....	411.312,96 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear director de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022045199.

9.32372.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP-6005 (PQ 0+000 Ó PQ 0+573), CONCELLO DE LALÍN”. (EXPTE.2022045201).

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada EP 6005 Prado – Bodaño, que descorre polo Concello de Lalín e que ten unha lonxitude de 11.259 m.

Resultando.-Que na actualidade, os espazos en contacto coa estrada EP-6005 precisan dunha reestruturación para a creación dunha senda peonil que permita aos peóns unha mobilidade segura entre os núcleos de Prado e Vilar do Río.

Resultando.- Que na súa consecuencia con data 20/01/2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín, convenio de colaboración para a execución do proxecto “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”.

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Lalín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	258.953,00 €	80 %
Concello de Lalín	64.738,25 €	20%
TOTAL INVESTIMENTO	323.691,25 €	100 %



Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.
Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”*.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa PROYESTEGAL, o proxecto de execución da obra *“Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”* cun orzamento base de licitación de 323.691,25 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV)S5ZT2ENBKU93B15B.

Resultando.-Que pola Intervención emitiuse documento RC número 202200005105 por importe de 323.691,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa reunión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022 acordou aprobar definitivamente o proxecto da obra *“Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”*, cun orzamento base de licitación de 323.691,25 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) S5ZT2ENBKU93B15B.

Resultando.- Que consta no expediente autorización concedida por Augas de Galicia para a execución das obras.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 30/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), Concello de Lalín”* cun orzamento base de licitación de 323.691,25 € IVE. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de outubro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 04/11/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON, S.L.	16,00	2,00	18,00
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	22,00	2,00	24,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 10/11/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 29 de xullo de 2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.



Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	259.488,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	249.536,53 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	261.761,89 €	2%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	259.086,76 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE “B”
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	10,34	5,00	5,00	5,00	25,34
NAROM, S.L.	21,98	5,00	5,00	5,00	36,98
HORDESCON, S.L.	7,41	5,00	2,50	5,00	19,91
CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	10,86	5,00	5,00	5,00	25,86

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acorda na mesma reunión aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)*” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	21,00	36,98	57,98
2	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	24,00	25,86	49,86



3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	22,00	25,34	47,34
4	HORDESCON, S.L.	18,00	19,91	37,91

Resultando.- Que de conformidade coa clasificación aprobada a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)” á empresa NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa NAROM, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta a portou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 12.476,82 €, segundo queda acreditado en carta de pago de data 24/11/2022 con número de operación 202200238860.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria e mobilidade peonil na EP-6005 (PQ 0+000 ó PQ 0+573), (Concello de Lalín)*” por un importe de 301.939,20 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	249.536,53 €
IVE (21%)	52.402,67 €
Importe Total.....	301.939,20 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Cesar Paredes Rodríguez.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022045201.



10.32373.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9702 AS SINAS- VILANOVA, ENTRE O P.Q. 1+415 E O P.Q. 2+225 (VILANOVA DE AROUSA)”. (EXPTE. 2022039817).

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, que transcorre polo Concello de Vilanova de Arousa e que ten unha lonxitude de 3.446 m.

Resultando.- Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 da E.P. 9702 As Sinas- Vilanova de Arousa é necesario realizar unha reestruturación para a creación dunha senda peonil na marxe dereita da estrada, co fin de permitir aos peóns unha mobilidade segura entre o centro urbano de Vilanova de Arousa e a zona de acceso a praia das Sinas. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225”.

Resultando.- Que con data 30 de maio de 2022 asinouse entra a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa, convenio de colaboración para a execución do proxecto “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P.9702 AS SINAS-VILANOVA, ENTRE O P.Q. 1+415 E O P.Q. 2+225”

Resultando.- Que o citado convenio recolle que o investimento necesario para a realización das mencionadas obras financiarase pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa segundo o seguinte detalle:

ANUALIDADE	Administración	ACHEGA	%
2022	Deputación de Pontevedra	218.453,62 €	80
2023	Concello Vilanova de Arousa	54.613,40 €	20
	TOTAL INVESTIMENTO	273.067,02 €	100 %

Resultando.- Que o citado convenio recolle que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico, dirixir executar e recibir as obras.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Sergio Daniel Orosa López, adscrito á empresa Proyestegal, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”, cun orzamento base de licitación de 273.067,02 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) UYPMVI9FC7IBSUJA.

Resultando.- Que na súa consecuencia, recibíuse no Servizo de Contratación informe do xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, coa conformidade do Deputado Delegado desa área, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 218.453,62 € con número de operación 202200070583, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02. Respecto á anualidade 2023 (54.613,40€), segundo o convenio de colaboración asinado para a execución das obras de referencia, esta cantidade será financiada polo Concello de Vilanova de Arousa con cargo a unha subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, polo que ao tratarse dunha anualidade futura o gasto deberá quedar condicionado á aprobación do orzamento para ese exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente para a concesión da subvención con cargo a dito Plan.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/07/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa Proyestegal D. Sergio Daniel Orosa López, cun orzamento base de licitación de 273.067,02 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) UYPMVI9FC7IBSUJA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión celebrada o día 09/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 07/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)"

As empresas admitidas foron as seguintes:

- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FITUEIRO, S.L.U.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 17/10/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	2,00	22,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	20,00	2,00	22,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	2,00	22,00



HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	2,00	16,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 17/10/2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
HORDESCON, S.L.	224.749,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	215.407,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	215.203,89 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	206.944,18 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	202.882,02 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	212.676,33 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	224.411,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	210.284,17 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA,S.A., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L, presentaran xustificación algunha das súas ofertas polo que NON deben ser tidas en consideración no proceso de adjudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/11/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADO S 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
HORDESCON, S.L.	1,48	5,00	5,00	5,00	16,48
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	16,05	5,00	5,00	5,00	31,05
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	16,32	5,00	5,00	5,00	31,32
NAROM, S.L.	19,75	5,00	5,00	5,00	34,75
CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	2,03	5,00	5,00	5,00	17,03
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	23,00	5,00	5,00	5,00	38,00

Resultando.- Que de acordo coas puntuacións obtidas, a Mesa de Contratación aprobou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	22,00	34,75	56,75
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.	16,00	38,00	54,00
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	22,00	31,32	53,32



4	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	22,00	31,05	53,05
5	CONSTRUCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	17,03	40,03
6	HORDESCON, S.L.	16,00	16,48	32,48

En virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación, na mesa sesión acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*” á empresa NAROM, S.L., por un importe de 257.338,36 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L., figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 10.833,82 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 24/11/2022 con número de operación 202200239628.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “*...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A., e EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9702 As Sinas - Vilanova, entre o P.Q. 1+415 e o P.Q. 2+225 (Vilanova de Arousa)*”, por un importe de 257.338,36 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	212.676,33 €
IVE (21%)	44.662,03 €
Importe Total.....	257.338,36 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse no que respecta á cantidade aportada pola Deputación, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Respecto á anualidade 2023 (54.613,40€), segundo o convenio de colaboración asinado para a execución das obras de referencia, esta cantidade será financiada polo Concello de Vilanova de Arousa con cargo a unha subvención do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, polo que ao tratarse dunha anualidade futura o gasto deberá quedar condicionado á aprobación do orzamento para ese exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente para a concesión da subvención con cargo a dito Plan. No caso de non obter o financiamento con cargo ao Plan Concellos ou de que o importe obtido sexa insuficiente, a achega municipal será financiada con fondos propios do Concello conforme ao establecido no devandito convenio.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022039817.

11.32374.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9101 O GROVE-IGREXA DE SAN VICENTE, DO P.Q. 1+000 Ó P.Q. 2+550 (O GROVE)”. (EXPIE.2022039816).

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, que transcorre polo Concello do Grove e que ten unha lonxitude de 7.459 m. Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 2+550 da E.P. 9101 O Grove – Igrexa de San Vicente é necesario realizar unha reestruturación para a creación dunha senda peonil na marxe esquerda da estrada, co fin de permitir aos peóns unha mobilidade segura entre o centro urbano do Grove e a zona de acceso a diferentes praias. Por este motivo, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550. Concello do Grove*”.

Resultando.- Que con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.

Resultando.- Que na súa consecuencia con data 9 de xuño de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Grove, convenio de colaboración par a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*”, por importe de 551.783,74 €.



Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de O Grove mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	441.426,99 €	80
Concello de O Grove	110.356,75 €	20
TOTAL INVESTIMENTO	551.783,74 €	100

Resultando.- Que recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, dirixir, executar e recibir as obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A. o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*” cun orzamento base de licitación de 551.783,74 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) WORT0VQKG04QVT29.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto, emitido polos enxeñeiros do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola e D. Francisco Rosendo Alonso Fernández.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC por importe de 551.783,74 €, con número de operación 202200092045, con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 22/07/2022 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*”, redactado polo enxeñeiro D. Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., que ten un orzamento base de licitación de 551.783,74 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) WORT0VQKG04QVT29.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.esmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 16/09/2022 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)*". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21 de setembro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 13/10/2022 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P.9101 O Grove-Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550 (O Grove)*".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.
- NAROM, S.L.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.

Resultando.-Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



Resultando.- Que o Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 21/10/2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	18,00	3,00	21,00
HORDESCON, S.L.	14,00	2,00	16,00
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	20,00	3,00	23,00
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	20,00	3,00	23,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	18,00	2,00	20,00
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	16,00	2,00	18,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	20,00	3,00	23,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27/10/2022 en base ó informe do Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías e Obras, D. Francisco Alonso Fernández, de data 21/10/2022, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas neste procedemento.

Resultando.- Que na mesma sesión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	451.459,42 €	3%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	455.518,00 €	3%	36 MESES	SI	SI



CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	427.974,41 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	417.257,95 €	3%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	428.658,44 €	3%	36 MESES	SI	SI
ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	426.000,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	432.306,60 €	3%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	432.899,42 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	422.958,20 €	3%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que a oferta presentada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contén valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Resultando.- Que rematado o prazo do requirimento, non consta que CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/11/2022, procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	3,52	5,00	5,00	5,00	18,52



HORDESCON, S.L.	0,39	5,00	5,00	5,00	15,39
CONSTRUCCION ES E.C. CASAS, S.L.	21,05	5,00	5,00	5,00	36,05
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCION ES DE AROSA, S.L.	20,58	5,00	5,00	5,00	35,58
ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUT RAS, S.L.	22,40	5,00	5,00	5,00	37,40
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCION ES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	18,09	5,00	5,00	5,00	33,09
NAROM, S.L.	17,68	5,00	5,00	5,00	32,68
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,48	5,00	5,00	5,00	39,48

Resultando.- Que de acordo coas puntuacións obtidas a Mesa de Contratación na mesma sesión aprobou a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	23,00	39,48	62,48
2	CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	23,00	36,05	59,05
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	20,00	35,58	55,58
4	ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCUTRAS, S.L.	18,00	37,40	55,40
5	NAROM, S.L.	19,00	32,68	51,68
6	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	33,09	49,09



7	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	21,00	18,52	39,52
8	HORDESCON, S.L.	16,00	15,39	31,39

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*” á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A (CIF A36008886), por un importe de 511.779,42€ IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., figura inscrita Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 182) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social , a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 21.147,91 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 25/11/2022 con número de operación 202200239667.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...*Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...*”.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluir do procedemento a oferta presentada pola empresa CONSTRUCCIONES FECHL,S.L., pois oferta valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (CIF A36008886) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9101 O Grove - Igrexa de San Vicente, do P.Q. 1+000 ó P.Q. 2+550*” por un importe de 511.779,42 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	422.958,20 €
IVE (21%).....	88.821,22 €
Importe Total.....	511.779,42 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

3. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2022039816.



12.32375.- PRORROGA NA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS
“MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-8402 CUNTIS-
CEQUERIL, RÚA DA PALMA (CONCELLO DE CUNTIS)”.
(EXPT.2021041218).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/04/2022 acordo adxudicar á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L., (B15410608) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)*", por un importe de 545.362,31 € IVE incluído, e un prazo de execución de SETE (7) MESES.

Resultando.- Con data 18/05/2022 formalízase acta de comprobación de replanteo, establecendose nese intre coma data para finalizar a obra o día 18/12/2022

Resultando.- Que con data 18/11/2022 tivo entrada a través do Rexistro Web da Deputación, escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de DOUS (2) MESES, debido a que coincidindo coa fase de execución de pavimentos, producíronse episodios continuados de precipitación, imposibilitando a execución destes traballos de pavimentación, xerando retrasos na execución das obras de ata 20 días. Por outra banda, acordouse entra a dirección de obra e o Concello de Cuntis, a execución por parte do Concello, da execución dunha nova canalización de abastecemento, debendo coordinar estes traballos co desenvolvemento das obras, provocando paradas puntuais na execución das canalizacións previstas e o proxecto construtivo. Engade por último o contratista, que para a execución dos traballos de pavimentación da calzada e na beirarrúa esquerda, faise necesaria a retirada de 3 postes de telefonía, sendo ditos traballos alleos ó contratista que na actualidade atópanse pendentes de execución impedindo o avance das obras nese punto.

Resultando.- Que con data 30/11/2022 emitiu informe o director de obra recollendo que os retrasos na execución estanse a producir por tres motivos: os traballos de execución da canalización de abastecemento por parte do Concello de Cuntis, o retranqueo de postes de telecomunicacións necesario para acadar os anchos necesarios de plataforma, e os episodios de choivas que se veñen producindo de forma practicamente ininterrompida dende o día 9 de outubro de 2022. Estes tres factores están provocando un retraso nos traballos necesarios para a correcta execución das unidades contempladas no proxecto. Neste momento están comezando os traballos de retranqueo de liñas de Telefónica, e segundo conversa mantida o día 28 de novembro coa empresa encargada dos traballos, estímase que os mesmos non rematen antes da segunda quincena de decembro de 2022. En canto ao formigonado, estanse a esperar ventás de tempo favorable para a execución de ensaios na plataforma das sendas e o posterior formigonado das mesmas, que non se pode executar con choivas. Non obstante, seguen a executarse traballos de ampliación da plataforma, colocación de elementos de xardinería, urbanización e iluminación pública, etc. polo que se estima que non cumpre unha paralización parcial das obras. Engade que á vista do anteriormente exposto, a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao



contratista, considerando ademais que estas se van a prolongar nos prazos indicados, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra ata o 18 de febreiro de 2023.

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor informando favorablemente o expediente.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: “...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva...”

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: “...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor...”

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: “1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder á empresa *EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.*, unha prórroga de DOUS (2) MESES na execución do contrato de obras “*Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 18/02/2023.

13.32376.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 3303 TABAGÓN-GOLÁN, DENDE O P.Q. 1+795 ATA O P.Q. 3+600. TREITO II (O ROSAL)”. (EXPTE. 2022047518).

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada E.P. 3303 Tabagón-Goián dende o p.q. 1+795 ata o p.q. 3+600. Treito II, que descorre polo Concello de O Rosal e que ten unha lonxitude de 4.542 m.

Resultando.- Que o treito que se atopa entre o P.Q. 1+795 e o P.Q. 3+600 está construído con características vinculadas ao uso de vehículos, imposibilitando que, en moitos puntos, o uso peonil se poida realizar con plenas condicións de seguridade.

Resultando.- Que por este motivo a Deputación de Pontevedra elaborou o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón- Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)*” co cal se pretende mellorar a comunicación entre os núcleos rurais de Tabagón e das Eiras e ata Goián dando continuidade o treito I, actualmente en execución, contribuíndo a fomentar a vida rural e mellorando as súas posibilidades de comunicación dun xeito sostible, potenciando o uso da bicicleta como alternativa aos automóviles privados.

Resultando.- Que con data 12 de xullo de 2022 formalizouse entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Rosal, convenio de colaboración par a execución do “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”, por importe de 795.872,12 €

Resultando.- Que o citado convenio recolle que os investimentos necesarios para a realización das obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de O Rosal mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

	ACHEGA	%
Deputación de Pontevedra	636.697,70 €	80%
Concello O Rosal	159.174,42 €	20%
TOTAL INVESTIMENTO	795.872,12 €	100%

Resultando.- Que tamén recolle o citado convenio, que lle corresponde á Deputación, redactar o proxecto técnico para a execución das obras obxecto do citado convenio, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder levar a cabo a execución da obra, polo que deberá adxudicarse a unha empresa externa mediante procedemento de contratación pertinente.

Resultando.- Que n a súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da área de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)*”.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo enxeñeiro adscrito á empresa NOVOTEC, D. Oscar Catoira Daquinta, o proxecto de execución da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 3303 Tabagón-Goián, dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (O Rosal)” cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC por importe de 636.697,70 €, con número de operación 202200131404 con cargo á aplicación orzamentaria 22/456.4530.612.02.21 para facer fronte ó gasto financiado pola Deputación de Pontevedra, e documento RC por importe de 159.174,42 € con número de operación 202200236466 con cargo á aplicación orzamentaria 22/4556.4530.612.02, para facer fronte ó gasto financiado polo Concello de O Rosal.

Resultando.- Que con data 29/11/2022 emitiu informe a xefa do Servizo de Fiscalización recollendo o seguinte: “...No punto nº 7 da providencia de inicio do expediente de contratación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 15 de novembro de 2022 (CSV: Q9V6O2U8WXQ8PY5Y), sinalase que: “Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto, o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP”. Non obstante, tendo en conta a data de redacción do proxecto, decembro de 2021, sería convinte, dada a situación actual de alza de prezos, que se informara polo técnico competente sobre a súa adecuación aos prezos actuais no mercado. A autorización da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil recolle como condición que as obras deberán estar rematadas no prazo de doce (12) meses a partir da data da notificación da autorización...”

Resultando. Que na providencia de inicio do expediente recóllese no apartado referente á xustificación de prezos o seguinte: “...Segundo se recolle no anexo de xustificación de prezos do proxecto o orzamento base de licitación axústase a prezos de mercado cumpríndose co disposto nos artigos 100.2 e 101.7 da LCSP...”

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título II, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o P.Q. 1+795 ata o P.Q. 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)*”, redactado polo enxeñeiro adscrito á empresa NOVOTEC, D. Oscar Catoira Daquinta, cun orzamento base de licitación de 795.872,12 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) XVRAXY5370QZJWOC.

14.32377.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, DA “SUBMINISTRACIÓN DA ALIMENTACIÓN DO GANDO VACÚN DA FINCA MOURISCADÉ”. (EXPTE.2022066925).

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de potenciar e mellorar o sector agrícola e gandeiro, dada a súa importancia económica no norte da provincia, conta coa Finca Mouriscade situada no termo municipal de Lalín.

Nas actividades que se desenvolven na Finca de Mouriscade perséguese mellorar as condicións dos gandeiros, cooperativas agrogandeiras e empresas do sector na provincia. A competencia na que se ampara a Deputación para esta contratación é a da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social da provincia, artigo 36, apartado d) da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 109, apartado d) da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

Un dos obxectivos do centro é mellorar a calidade das explotacións gandeiras da provincia a través do servizo de transferencia embrionaria, así como, ao dispoñer de animais, posibilita o desenrolo de programas con entidades públicas e privadas ou estudos na planta experimental de Biogás.

Para a realización destes programas é necesario contar con cabezas de gando bovino, sendo a manutención o gasto máis substancial nestes animais. Este gando alimentase mediante compras directas de produtos alimenticios e tamén mediante a colleita dos forraxes que producen as parcelas da propia finca. Coa finalidade da súa manutención, precísase acudir a unha contratación externa para satisfacer as distintas necesidades nutricionais nos animais e así poder prestar correctamente os diferentes servizos.

En base ao exposto, con data 4 de novembro de 2022, o Deputado Delegado da Finca Mouriscade providencia de inicio de expediente para a contratación da subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade (CSV: S74SL6B75F1D63VI).

O contrato proposto ten un prazo de duración dun ano, coa posibilidade dunha prórroga anual, e un orzamento base de licitación de 193.411,26 euros. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Con data 7 de novembro de 2022, Intervención emite documento RC nº 202200218265, polo importe de 193.411,26 euros.

Tendo en conta que, con data 28 de novembro de 2022, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministración, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 14 de novembro de 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 17 de novembro de 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Visto que con data 18 de novembro de 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 30 de novembro de 2022, coas observacións e recomendacións contidas no mesmo.

Tendo en conta o artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arredamento financeiro, ou o arrendamento, con o sen opción de compra, de produtos ou ben mobles, e que, en todo caso terán a consideración de contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, da “*Subministración da alimentación do gando vacún da Finca Mouriscade*”.

O valor estimado do contrato, acumulado para os tres lotes, é de 421.988,20 €.

O orzamento base de licitación, acumulado para os tres lotes, ascende á cantidade máxima de 193.411,26 euros, conforme ao seguinte detalle:

- Lote 1: Mestura de materias primas: 143.095,54 €
- Lote 2: Pensos ensacados: 23.915,73 €
- Lote 3: Palla picada: 26.400,00 €

Os prezos unitarios de licitación, para cada lote, son os seguintes:

Lote 1: Mestura de materias primas

A) Mestura de materias primas en fariña. Consumo anual estimado: 255TM

LIN	Materia prima	% de materia prima por cada TM	€/TM máximos
1	Fariña de millo	26,07%	274,70 €
2	Fariña de soia, min: 44%	17,65%	381,68 €
3	Fariña de colza	16,83%	309,21 €
4	Fariña de cebada	14,12%	274,70 €
5	Cascarilla soia	5,88%	254,00 €
6	Xabón cálcico palma	1,17%	897,26 €
7	Carbonato cálcico	1,89%	63,50 €



8	Bicarbonato sódico	1,39%	345,10 €
9	Melaza	1,11%	234,67 €
10	Urea	0,82%	1.242,37 €
11	Cloruro sódico	0,97%	86,28 €
12	Fosfato bicálcico	0,24%	937,30 €
13	Oxido magnesio	0,35%	352,00 €
14	Secuestrante micotoxinas	0,24%	1.311,39 €
15	Fariña de xirasol 28%	4,71%	260,90 €
16	DDG de millo	4,71%	310,59 €
17	Aceite de soia	0,59%	1.242,37 €
18	Premestura vitamínico-mineral	0,26%	1.725,51 €
19	Sulfato de Magnesio	0,25%	690,20 €
20	Vitamina E 50 %	0,25%	6.902,04 €
21	Premestura vitamínico-mineral vacas secas	0,25%	1.035,31 €
22	Aroma	0,25%	4.831,43 €

B) Mestura de materias primas en granulado. Consumo anual estimado: 110 TM

LIN	Materia prima	% de materia prima por cada TM	€/TM máximos
1	Fariña de millo	26,07%	282,98 €
2	Fariña de soia, min: 44%	17,65%	389,97 €
3	Fariña de colza	16,83%	317,49 €
4	Fariña de cebada	14,12%	282,98 €
5	Cascarilla soia	5,88%	262,28 €
6	Xabón cálcico palma	1,17%	905,55 €
7	Carbonato cálcico	1,89%	71,78 €
8	Bicarbonato sódico	1,39%	353,38 €
9	Melaza	1,11%	242,95 €
10	Urea	0,82%	1.250,65 €
11	Cloruro sódico	0,97%	94,56 €
12	Fosfato bicálcico	0,24%	945,58 €
13	Oxido magnesio	0,35%	360,29 €
14	Secuestrante micotoxinas	0,24%	1.319,67 €
15	Fariña de xirasol 28%	4,71%	269,18 €
16	DDG de millo	4,71%	318,87 €
17	Aceite de soia	0,59%	1.250,65 €



18	Premestura vitamínico-mineral	0,26%	1.733,79 €
19	Sulfato de Magnesio	0,25%	698,49 €
20	Vitamina E 50 %	0,25%	6.910,32 €
21	Premestura vitamínico-mineral vacas secas	0,25%	1.043,59 €
22	Aroma	0,25%	4.839,71 €

Lote 2: Pensos ensacados

LIN	Pensos ensacados	Consumo estimado anual TM	€/TM máximos
1	T-0 Fariña Tenreiro Lactoiniciador	3,37	516,00 €
2	T-1 Granulado Tenreiros Arranque	22,87	352,83 €
3	Penso de Recría	35,93	332,13 €

Lote 3: Palla Picada

LIN	Concepto	Consumo anual estimado (TM)	€/TM máximos
1	Palla moída	200	120,00 €

O prazo de duración é desde a data indicada no documento de formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2023, coa posibilidade dunha prórroga anual.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV:DSCGINYHCCK4OZ7A) e de prescricións técnicas (CSV: IBUPSV2S8LBY90YQ) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto por importe de 193.411,26 € de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Lote	Importe total (co IVE)
2023	410.4120.221.13	Lote 1	143.095,54 €
		Lote 2	23.915,73 €
		Lote 3	26.400,00 €

Os gastos previstos para a anualidade 2023 quedará condicionado á aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente.



As obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra serán as que resulten dos pedidos que se realicen ao abeiro do contrato, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa adxudicataria. A adxudicación farase en base aos prezos unitarios. O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

4.- Nomear responsable do contrato a Concepción López Paz, xefa do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

15.32378.- TOMA DE COÑECEMENTO DA ESCISIÓN POR SEGREGACIÓN E CAMBIO DE RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA CONTRATISTA CONTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. (EXPTE. 2020007920).

Con data 21 de decembro do 2021 (Rexistro entrada WEB2021049361), tivo entrada escrito da empresa contratista Construcciones Taboada y Ramos, S.L. (CIF: B-36.052.876), no que comunica que, mediante unha operación societaria de escisión por segregación, traspasouse en bloque, por sucesión universal, a parte do patrimonio desta sociedade dedicada á execución e conservación de obra civil (pública e privada) e a construción e mantemento de edificacións e instalacións, constitutiva dunha unidade económica ou rama de actividade, en favor da sociedade Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L.U. (CIF: B-94.181.807), que quedou integramente participada pola sociedade Construcciones Taboada y Ramos, S.L.

Como consecuencia da operación, a sociedade Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L.U. subrogouse con carácter universal na totalidade dos bens, dereitos e obrigas traspasados da sociedade Construcciones Taboada y Ramos, S.L. en relación á unidades económica segregada, e traspasáronse todos os medios materiais e humanos vinculados na rama de actividade e, en particular, no contrato “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 2*”, adxudicado por esta Administración, mediante acordo da Xunta de Goberno do día 16 de novembro de 2020 (exp. 2020007920).

Con data 25 de novembro do 2022 (Rexistro entrada WEB2022060147) tivo entrada novo escrito da empresa contratista Construcciones Taboada y Ramos, S.L. (CIF: B-36.052.876), no que comunica que cambiou a súa razón social, que pasou a denominarse Grupo Taboram, S.L., conservando o mesmo CIF e domicilio.



Tendo en conta o artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo a cal nos supostos de escisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse á adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, responsabilídense solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario. Aos efectos anteriores, a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se producira. Cando, como consecuencia da operación, atribuíseselle o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante da mesma, renovada ou substituída por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constitúa esta última entidade.

Visto que na comunicación de segregación presentada pola sociedade Construcciones Taboada y Ramos, S.L., esta se responsabiliza solidariamente con Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L.U. da execución do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de obras cuxo valor estimado supere o importe de 200.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Tomar coñecemento da operación de escisión por segregación de Construcciones Taboada y Ramos, S.L. (CIF: B-36.052.876) en favor da sociedade Construcciones y Obras Taboada y Ramos, S.L.U. (CIF: B-94.181.807), que queda subrogada con carácter universal na totalidade dos bens, dereitos e obrigas traspasados da sociedade Construcciones Taboada y Ramos, S.L. en relación á unidade económica segregada, e, en particular, no contrato “*Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra. Lote 2*”, adxudicado por esta Administración, mediante acordo da Xunta de Goberno do día 16 de novembro de 2020 (exp. 2020007920).



2. Toma de coñecemento do cambio de razón social da empresa contratista Construcciones Taboada y Ramos, S.L. (CIF: B-36.052.876), que pasa a denominarse Grupo Taboram, S.L., conservando o mesmo CIF e domicilio.

16.32379.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DOS LOTES Nº 3, 4, 5 E 6 DO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (EXPTE.2020008025).

A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 23 de outubro de 2020, adxudicou o contrato para a “Subministración de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra” ás seguintes empresas, para cada un dos seguintes lotes:

- LOTE 1. PERSOAL SUBALTERNO E CONDUCTOR: Costa Oeste del Atlántico, SL (NIF: B-36946002)
- LOTE 2. CALZADO PERSOAL SUBALTERNO E CONDUCTOR: Costa Oeste del Atlántico, SL (NIF: B-36946002)
- LOTE 3. INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS: Peycar Pontevedra, SL (NIF: B-36112043)
- LOTE 4. MUSEO DE PONTEVEDRA - Vestiario Laboral: Suministros Punto Fijo, SL (NIF: B-27815539)
- LOTE 5. MUSEO DE PONTEVEDRA - EPIS: Peycar Pontevedra, SL (NIF: B-36112043)
- LOTE 6. E. F. AREEIRO: Peycar Pontevedra, SL (NIF: B-36112043)
- LOTE 7. TURISMO RÍAS BAIXAS: Peycar Pontevedra, SL (NIF: B-36112043)

Os contratos formalizáronse entre as citadas empresas e a Deputación de Pontevedra en data 19 de novembro de 2020, con vixencia ata o 31 de decembro de 2020 e establecéndose a posibilidade de tres prórrogas anuais.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de data 10 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato da “Subministración de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra”, subscrito coas empresas Costa Oeste del Atlántico, SL (NIF: B-36946002) para os Lotes 1 e 2, Peycar Pontevedra, SL (NIF: B-36112043) para os Lotes 3, 5, 6 e 7 e Suministros Punto Fijo, SL (NIF: B-27815539) para o Lote 4, nas mesmas condicións formalizadas no contrato inicial e para o período de 1 ano desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021, nos mesmos termos das condicións contractuais que o rexen.



Así mesmo, A Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria de data 17 de decembro de 2021, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación da primeira prórroga do contrato da “Subministración de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra”, subscrito coas empresas Peycar Pontevedra, SL (NIF: B-36112043) para os Lotes 3, 5, e 6 e con Suministros Punto Fijo, SL (NIF: B-27815539) para o Lote 4, nas mesmas condicións formalizadas no contrato inicial e para o período de 1 ano desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, nos mesmos termos das condicións contractuais que o rexen, polo que se atopan vixentes ata o 31 de decembro de 2022.

Os responsables dos contratos dos lotes nº 3, 4, 5 e 6 emiten informe no que expresan a súa conformidade coa prórroga ao non existir incumprimentos por parte da contratista e non supor unha alteración das características do contrato.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formularon os preavisos de prórroga dos contratos dos lotes nº 3, 4, 5 e 6, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos, e co seguinte detalle:

Lotes	Adxudicataria	Número rexistro	Data posta a disposición	Data de comparecencia
LOTE 3: INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	Peycar Pontevedra, SL (NIF: B- 36112043)	NOT2022022168	20/10/2022	20/10/2022
LOTE 4: MUSEO DE PONTEVEDRA - Vestiario Laboral	Suministros Punto Fijo, SL (NIF: B- 27815539)	NOT2022022186	21/10/2022	21/10/2022
LOTE 5: MUSEO DE PONTEVEDRA - EPIS	Peycar Pontevedra, SL (NIF: B- 36112043)	NOT2022022188	21/10/2022	21/10/2022
LOTE 6: EF AREIRO	Peycar Pontevedra, SL (NIF: B- 36112043)	NOT2022021702	14/10/2022	14/10/2022



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 28 de novembro do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos/das responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de terceira prórroga dos Lotes nº 3, nº 4, nº 5 e nº 6 deste contrato por unha anualidade, desde o 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xaneiro de 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a). A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a terceira prórroga do contrato da “*Subministración de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra*”, subscrito coas empresas Peycar Pontevedra, SL (NIF: B36112043) para os Lotes 3, 5, e 6 e con Suministros Punto Fijo, SL (NIF: B27815539) para o Lote 4, nas mesmas condicións formalizadas no contrato inicial e para o período de 1 ano desde o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, nos mesmos termos das condicións contractuais que o rexen.

As obrigas económicas que resulten da prórroga do contrato para o ano 2023 irán con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento provincial:

LOTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	Importe total subministros ordinarios (con IVE)	Importe total incremento nº unidades (con IVE)
LOTE 3: INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	456.4530.221.04	55.771,93 €	5.577,19 €
LOTE 4: MUSEO DE PONTEVEDRA - Vestiario Laboral	333.3330.221.04	8.018,61 €	801,86 €
LOTE 5: MUSEO DE PONTEVEDRA - EPIS	333.3330.221.15	2.490,42 €	249,04 €
LOTE 6: EF AREEIRO	413.4123. 221.04	4.274,33 €	427,43 €

Os importes dos gastos correspondentes a anualidade 2023 quedarán condicionados a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.



17.32380.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE WORKSHOPS CON ACTORES DO ÁMBITO TURÍSTICO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS”. (EXPTE. 2021061290).

Na sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas* á UTE ABRAMAR – EOSA (U09866005) polos prezos e valor es ofertados, conforme ao seguinte detalle:

1.- Prezo ofertado (sen IVE) para a execución de 2 workshop ó ano:

CONCEPTO	UNIDADES	PRECIO UNITARIO (SIN IVA)	Precio unitario (sin IVA)	TOTAL
Gestión y coordinación	2	9246,76	8322,084	16.644,17 €
Sinalizadores de empresa reutilizable	50	156	140,4	7.020,00 €
Rotulación accesos a sede	4	200	180	720,00 €
Photocall	2	512	460,8	921,60 €
Letras en volumen	2	668	601,2	1.202,40 €
Acreditaciones personalizables+landyards	300	3,1	2,79	837,00 €
Lista de empresas/ficha de participacion en sorteo/Uma/Tarjetas de premio	2	56,65	50,085	100,17 €
Modulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 Cm)	24	30	27	648,00 €
Tarima de escenario modular m2	24	24	21,6	518,40 €
Moqueta ferial m2	20	6	5,4	108,00 €
TV plasma 65"	4	296	266,4	1.065,60 €
Mesa control digital 64 CH entrada y 64 CH salida, 24 buses	2	470	423	846,00 €
Caja digital 32/24	2	220	198	396,00 €
Caja auto amplificada 1000W mínimo 12"	2	50	45	90,00 €
Caja de son dispersión lineal 22,5- 60 grados 1200W	2	50	45	90,00 €
Amplificador digital 4 X 1800W 4OHM AES	2	75	67,5	135,00 €
Micrófono inalambrico digital	4	45	40,5	162,00 €
Micrófono de cable necesarios para amplificación instrumental	10	25	22,5	225,00 €
Distribuidor de prensa 24ch con ganancias independientes	2	50	45	90,00 €
Ordenador portátil mínimo 17 pulgadas	2	100	90	180,00 €
Servicio de restauración	300	50	45	13.500,00 €
Actuación musical o similar	2	2450	2205	4.410,00 €
Presentador o presentadora	2	2450	2205	4.410,00 €
Alquiler de sala	2	1113	1001,7	2.003,40 €
Costes de la gestión de los asistentes del destino Rías Baixas	50	606	626,4	31.320,00 €
PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (sin IVA)				87.642,74 €
IVA (21%)				15.569,97 €
IVA (10%)				1.350,00 €
PRECIO OFERTADO PARA 2 WORKSHOP AL AÑO (con IVA)				104.562,71 €



2.- Experiencia do xefe/a de proxecto en workshops ofertada superior á mínima esixida nos pregos.

Número de traballos (workshops independentemente da temática –excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de elas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	42
---	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas que a persoa proposta para a xefatura do proxecto acredite ter dirixido, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (5 traballos nos últimos 5 anos).	116
---	-----

3.- Experiencia do/a xestor/a do proxecto superior á mínima establecida nos pregos ofertada.

Número de traballos (workshops independentemente da temática –excepto de promoción turística-) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	21
--	----

Número de traballos (workshops de promoción turística) para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes delas en cuxa organización acredite ter participado a persoa proposta para a xestión do proxecto, a maiores dos mínimos esixidos nos pregos (3 traballos nos últimos 5 anos).	108
--	-----



O contrato formalizouse en documento administrativo de data 18 de abril de 2022 e o prazo de duración vai desde a data da súa formalización ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de tres prórrogas de 1 ano cada unha delas.

Con data 22 de novembro de 2022 a Xefa do Servizo de Turismo, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

Tendo en conta que o apartado 4.2. das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou solicitude de conformidade de prórroga do contrato en data 18 de novembro de 2022 (data de comparecencia: 18/11/2022), e que a UTE ABRAMAR – EOSA (U09866005), a través do seu representante con poder bastante, achega a súa conformidade expresa á prórroga do contrato con nº de rexistro WEB2022059085 de data 18/11/2022.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 22 de novembro do 2022, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros con número de operación 202200239862, polo importe de 104.562,71 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23/433.4320.227.75, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2023.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 29 de novembro do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga deste contrato por unha anualidade, desde o 1 de xaneiro do 2023 ao 31 de decembro de 2023.

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de xaneiro de 2023.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a primeira prórroga do contrato do “*Servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*” subscrito coa UTE ABRAMAR – EOSA (U09866005), durante o período desde o 1 de xaneiro de 2023 ó 31 de decembro de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen. O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato (desde o 1 de xaneiro de 2023 ó 31 de decembro de 2023) e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (con IVE)
2023	433.4320.227.75	104.562,71 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2023 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondente aplicación orzamentaria.

18.32381.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DA PLATAFORMA DE COMERCIO INTELIXENTE DE PONTEVEDRA E AS SÚAS VERTICAIS, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DENTRO DOS PROXECTOS “COMMERCE INSIDE” E “DA TÚA MAN” ENMARCADOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION. (EXPTE. 2022035109).

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2022, adoptou, entre outros o acordo de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación da *implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation*” á UTE PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: B-90.361.312) - VODAFONE ESPAÑA, S.A.U. (NIF: A-80.907.397) polos prezos e valor es ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

Prezo ofertado total:

	IMPLANTACIÓN	MANTEMENTO
Importe sen o IVE:	782.263,76 €	0,00 €
IVE (21 %):	164.275,39 €	0,00 €
Importe total ofertado:	946.539,15 €	0,00 €



Outros criterios ofertados:

- N° de horas ofertadas pola empresa para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento: 3600 h.
- N° de puntos de acceso (AP) adicionais a maiores do mínimo establecido no PPT: 5 puntos.
- A empresa licitadora oferta un Servizo help desk con dispoñibilidade 8x7.
- A empresa licitadora inclúe inglés nos interfaces de usuario.

No contrato, formalizado en data 17 de novembro de 2022 entre a Deputación de Pontevedra e a UTE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U – PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: U72621238), sinálase que a empresa comprométese a executar o contrato conforme aos seguintes documentos:

- a) Prego de condicións CSV: 9GDXS77UFSH1K3V5
- b) Prego técnico CSV: KSVC141R0YOQEV0Y
- c) Oferta da empresa que obra no expediente.

Con data 18 de novembro de 2022, a xefa de Servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes, e o xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, Manuel Corujo Castro, emiten informe conxunto no que indican que *“a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 4 de novembro de 2022, adoptou, entre outros, o acordo (n° 21.32250) de presentación da solicitude de modificación da resolución de concesión para ampliar o prazo de execución do proxecto “Da túa man” financiado nun 70% polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo a través da convocatoria de 2021 da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles curtas de comercialización (Orde ICT/949/2021, de 10 de setembro), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU (expte. 2021048098).*

En virtude do anterior procedeuse á tramitación de dita solicitude resultando que con data 14 de novembro de 2022 o citado Ministerio notificou a autorización da modificación do cronograma con ampliación do prazo de execución do proxecto ata o 30 de setembro de 2023, tal e como consta no citado expediente de solicitude de modificación.

Pola parte do proxecto “Commerce Inside” tramitouse coma o anterior sendo aprobada á presentación da solicitude pola Xunta de Goberno do 11 de novembro de 2022.

O contrato formalizouse o 17 de outubro de 2022 coa UTE, constituída coa denominación UTE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U – PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: U72621238).

Unha vez formalizado o contrato solicitóuselle á UTE unha reunión de coordinación do contrato debendo entregarnos polo menos un cronograma de execución, os principais responsables da execución e a metodoloxía de traballo a seguir. Dita reunión celebrouse o 11 de novembro de 2022.



De acordo ao cronograma presentado pola UTE é imposible cumprir os prazos parciais establecidos nos pregos derivado das circunstancias conxunturais actuais especialmente co subministro, polo que a UTE presenta por rexistro un escrito solicitando a ampliación dos prazos ata o 31 de xullo de 2023 acompañado da documentación presentada na citada reunión e non supoñendo unha modificación no importe do contrato.

Tendo en conta os prazos parciais do contrato e a situación conxuntural actual formulada pola UTE, e ante a aprobación das correspondentes prórrogas polo citado Ministerio propónse ampliar o prazo de execución ata o 31 de xullo de 2023 polas circunstancias antes comentadas non sendo imputables á empresa contratista.

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e normativa aplicable SOLICÍTASE iniciar o expediente para ampliar o prazo de execución do contrato para a implantación e mantemento da plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man”, enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea-NextGenerationEU ata o 31 de xullo de 2023”.

Visto que con data 02/12/2022 emítese informe conxunto polo Xefe do Servizo de Contratación, e pola Secretaría Xeral desta Deputación Provincial mediante o que se conclúe o seguinte:

A solicitude de ampliación do prazo de execución non pode ser, neste caso, tratada como unha circunstancia incidental que lle impide ao contratista executar o contrato no prazo previsto, tal e como o regula o artigo 195 LCSP, concedéndolle exclusivamente un prazo en función do tempo perdido.

Non estamos ante esta figura, por que non se deu un acontecemento imprevisible que lle impida ao contratista cumprir coas súas obrigacións, senón que era algo previsto pola administración e que de oficio interésalle ampliar o período de execución do proxecto para unha mellor satisfacción dos seus intereses.

A cláusula 6 do PCA, recollía a posibilidade de que o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo poida conceder prórrogas non marco da convocatoria do proxecto Dá túa Man presentada pola Deputación de Pontevedra ampliándose a data límite prevista para a execución do contrato.

Entendemos que se cumpren as previsións establecidas no artigo 204 LCSP, e que existe unha xustificación de interese público clara para o cumprimento satisfactorio dos obxectivos do proxecto.

Os licitadores foron coñecedores da posibilidade desta ampliación do prazo no caso de que o ministerio concedese unha prórroga na execución do proxecto, circunstancia que foi recollida de forma expresa e clara no PCA.

Por outra banda, non se produce un incremento do prezo, o cal non condiciona a posibilidade de modificar o contrato coa súa ampliación nos prazos de execución.

Non vemos inconveniente de que se poida modificar o prazo de execución do contrato, a través do artigo 204 LCSP.

Vista dilixencia de fiscalizado e conforme emitida en data 2 de decembro de 2022 pola Intervención. Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a),



que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Ampliar o prazo de execución do contrato para a prestación do servizo de *implantación e mantemento da Plataforma de comercio intelixente de Pontevedra e as súas verticais, mediante procedemento aberto, dentro dos proxectos “Commerce Inside” e “Da túa man” enmarcados no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next Generation* formalizado coa UTE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U – PROXYA SERVICIOS TECNOLÓGICOS, S.L.U. (NIF: U72621238), ata o 31 de xullo de 2023.

19.32382. SUSPENSIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE ZONAS DE DESCANSO VERDES E ILLAS ECOLÓXICAS DOS PROXECTOS “DA TÚA MAN” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A MERCADOS, ZONAS URBANAS COMERCIAIS, COMERCIO NON SEDENTARIO E CANLES CORTOS DE COMERCIALIZACIÓN E “COMERCE INSIDE” DENTRO DA LIÑA DE AXUDAS PARA O FORTALECEMENTO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS TURÍSTICAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADOS POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU. (EXPTE.2022029400).

Con data 12 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno provincial acordou adjudicar os Lotes 1 e 3 do procedemento aberto convocado para a *“Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Commerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400),”* á empresa *ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332)* polos seguintes prezos unitarios e valores ofertados:

Lote 1. Zonas de descanso					
Proxecto	Unidades	Prezo Unitario ofertado	Importe Total	IVE	Importe Total Ofertado
Commerce Inside: Cargadores solares, puntos de recarga, asentos e iluminación	30	2.632,00 €	78.960,00 €	16.581,60 €	95.541,60 €
Commerce Inside: Xardineiras e ornamentación	30	818,00 €	24.540,00 €	5.153,40 €	29.693,40 €
Da túa Man: Cargadores solares, puntos de recarga, asentos, iluminación e xardineiras	21	3.419,00 €	71.799,00 €	15.077,79 €	86.876,79 €
Da túa Man: Xardineiras e ornamentación	29	818,00 €	23.722,00 €	4.981,62 €	28.703,62 €
IMPORTE TOTAL LOTE			199.021,00 €	41.794,41 €	240.815,41 €



Lote 3. Sinaléctica Integrada					
Proxecto	Unidades	Prezo Unitario ofertado	Importe Total	IVE	Importe Total Ofertado
Commerce Inside: Sinaléctica Integrada	12	3.055,00 €	36.660,00 €	7.698,60 €	44.358,60 €
Da túa Man: Sinaléctica Integrada	20	3.055,00 €	61.100,00 €	12.831,00 €	73.931,00 €
IMPORTE TOTAL LOTE			97.760,00 €	20.529,60 €	118.289,60 €

A totalidade dos elementos obxecto do contrato ofertados (lotes 1 e 3) subministraranse nun prazo máximo de 60 días desde a notificación da solicitude realizada pola Deputación de Pontevedra.

O contrato terá un prazo de execución de 4 meses contados a partir da formalización do contrato de cada un dos Lotes e, en todo caso, antes do 10 de decembro de 2022.

Resultando que con data 02 de decembro de 2022, D. Ruth González Reyes, Xefa de servizo de Turismo Rias Baixas, e Manuel Corujo Castro, Xefe de Servizo de Promoción de Emprego, centros xestores do contrato emiten informe manifestando que *“Por motivos alleos ao adxudicatario os subministros a instalar nos Concellos de A Guarda e Bueu non poden realizarse no prazo anteriormente mencionado. No caso da Guarda por renuncia presentada polo Concello con data 30 de novembro de 2022, por imposibilidade de asinar o correspondente convenio de colaboración. No caso de Bueu debido a causas sobrevidas non se ten asinado o convenio que comezou a súa tramitación en xuño por parte de administración provincial e prevese a aprobación do mesmo a semana do 12 ao 16 de decembro”*.

Resultando que obra no expediente acta de suspensión do referido contrato asinada polo contratista na que se establece que: *“1) A Deputación de Pontevedra realizará os pagos dos subministros xa instalados conformada a súa instalación quedando pendente os subministros correspondentes aos concellos de A Guarda (Pendente definir nova ubicacións) e Bueu (pendente da tramitación e sinatura do Convenio) 2) O acordo de suspensión é de mutuo acordo e será elevado ao órgano de contratación competente”*.

Considerando o disposto no art. 208 da Lei de Contratos de Sector Público que sinala ca administración poderá acordar a suspensión do contrato estendéndose unha acta, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Autorizar a suspensión do contrato de *“Subministración de zonas de descanso verdes e illas ecolóxicas dos “Da Túa Man” dentro da liña de axudas para o apoio a mercados, zonas urbanas comerciais, comercio non sedentario e canles cortos de comercialización e “Comerce Inside” dentro da liña de axudas para o fortalecemento da*



actividade comercial en zonas turísticas, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiados pola Unión Europea - Next GenerationEU. (Expte.- 2022029400),” adxudicada á empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (B 25 335332).

Unha vez solucionadas as causas que deron lugar á suspensión do contrato deberá formalizarse entre as persoas responsables do contrato e a empresa adxudicataria a correspondente acta de reinicio.

20.32383.- SUBSTITUCIÓN DE PROXECTO TÉCNICO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/04/2022 (Nº6.31532), POLO QUE SE CONCEDÍA UNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 – LIÑA 1, CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA CAMIÑOS RURAIS EN CAMBADOS PC2022” ANUALIDADE 2022- (EXPTE. 2022010841)

Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

En data 01/04/2022, mediante acordo núm. 6.31532 da Xunta de Goberno provincial concedeuse ao *Concello de Cambados*, polo procedemento de concorrencia non competitiva, subvención para o investimento “*MELLORA CAMIÑOS RURAIS EN CAMBADOS PC2022*” (exp 2022010841) tal como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidades	Orzamento	Subvención	Fondos propios do Concello/Achegas doutras administracións públicas
2022	371.448,35 €	371.448,35 €	0,00 €

O referido orzamento abrangue 359.469,35 euros de execución de obra e 11.979,00 euros de honorarios de redacción de proxecto. Ademais, a concesión da subvención se fixo condicionada á obtención da autorización da Deputación de Pontevedra, de Augas de Galicia, do Servizo Provincial de Costas, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), de Portos de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.



O Concello de Cambados, mediante rexistro WEB2022059808 de data 23/11/2022, manifesta que se ve avocado a reformular o proxecto orixinal dado que:

Por un lado, o concello indica que no camiño que figura no proxecto inicial coa denominación “*Tragove 2- Corvillon*” non pode actuar xa que ao actualizar o inventario recoñeceuse a súa titularidade privada. Por outro lado, o incremento de prezos nos materiais das obras obriga ao concello a actualizar os prezos do proxecto inicial véndose na necesidade de dar de baixa no proxecto inicial o camiño denominado Xesteira-Castrelo”.

Neste contexto, o Concello presenta un novo proxecto técnico aprobado polo órgano competente e adaptado a nova situación no que se substitúe o camiño de Tragove 2-Corvillon e o camiño de Xesteira-Castrelo por dos novos camiños: Camiño A Modia-Vilariño e camiño en Abelleira-Oubiña, e solicita que se tramite o cambio de proxecto de xeito que o investimento poida se executado nos termos establecidos polo concello.

O Concello presenta informe da normativa sectorial que se precisa para executar estes dous novos camiños no proxecto “*MELLORA CAMIÑOS RURAIS EN CAMBADOS PC2022*”, de forma que as autorizacións totais precisas para executar a obra son : Deputación de Pontevedra, de Augas de Galicia, do Servizo Provincial de Costas, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), de Portos de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Consellería do Medio Rural de Pontevedra.

A presente actuación conta co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro do Servizo de Cooperación cos Municipios de data 24/11/2022.

Fundamentación xurídica

1.- Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



Resolución do expediente:

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.
- Artigos 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras de subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 109 da LPACAP sobre revogación de actos e rectificación de erros, que indica que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos actos.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e as bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, e vistos o informe do enxeñeiro xefe de Cooperación, de data 24/11/2022, da xefa do servizo de Cooperación de data 24/11/2022 que conclúen favorablemente o cambio do proxecto do investimento, e do informe da intervención provincial, de data 01/12/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o cambio de proxecto técnico que figura no expediente núm. 2022010841, constando en dito expediente o acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31532, do día 01/04/2022 polo que se concede ao *Concello de Cambados*, CIF: P3600600E, a cantidade de 371.448,35 euros con destino ao financiamento do investimento “*MELLORA CAMIÑOS RURAIS EN CAMBADOS PC2022*” cun orzamento polo mesmo importe.
- O novo proxecto presentado non modifica o orzamento orixinal, nin altera o obxecto nin a finalidade do investimento e co mesmo non se prexudican dereitos de terceiros.



- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, de Augas de Galicia, do Servizo Provincial de Costas, do Instituto de Estudos do Territorio (IET), de Portos de Galicia, da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Consellería do Medio Rural de Pontevedra, por realizarse algunha actuación na zona de afección destes organismos, polo que é imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- O resto do acordo da Xunta de Goberno núm. 6.31532, do día 01/04/2022, permanecerá invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Cambados*, Intervención, Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

21.32384.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO NÚM. 14.31580 DO DÍA 8 DE ABRIL DE 2022, POLO QUE SE CONCEDEU AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), UNHA SUBVENCIÓN CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “CONSTRUCCIÓN DO NOVO SKATEPARK EN VILAGARCÍA” (EXPTE. 2022005271)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. En data 08/04/2022, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial núm. 14.31580 concedeuse ao Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco do Plan Concellos 2022-2023 liña 1 – investimentos (anualidade 2022) polo procedemento de concorrencia non competitiva, unha subvención por importe de 109.426,03 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Construcción do novo skatepark en Vilagarcía*” (expte. 2022005271) cun orzamento de 309.426,03 euros.

En data 04/11/2022 consta entrada na sede electrónica da Deputación, co núm. WEB2022056619, dunha instancia xenérica do Concello de Vilagarcía de Arousa que anexa un novo documento técnico do investimento arriba referido e certificados dos acordos da Xunta de Goberno Local da sesión que tivo lugar o día 24/10/2022 que declara deserta a licitación denominada “*Construcción do novo Skatepark en Vilagarcía*”, tras ser retiradas todas as ofertas presentadas e non quedar ningún licitador, e do acordo que aproba o novo proxecto técnico.



En data 21/11/2022 con rexistro WEB2022059384 o concello emenda as deficiencias observadas no documento técnico dando resposta así ao requirimento efectuado formalmente por este servizo. Da documentación que obra no expediente, infírese que o cambio de documento técnico ven motivado na necesidade revisar os prezos contemplados no orzamento dado que o procedemento de licitación quedou deserto tras retirarse os dous únicos licitadores que presentaron ofertas; debendo a entidade municipal habilitar unha nova adxudicación cun proxecto acorde á realidade actual.

O novo proxecto descritivo das obras a realizar, que non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, supoñe un incremento do orzamento de execución por contrata que pasa de 309.426,03 euros a 374.766,65 euros, o que supón un aumento de 65.340,62 euros, debendo a entidade municipal asumir o sobre custe.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Lei 20/2013, de 9 de decembro, de garantía de unidade de mercado.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, e polo que se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do Servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 16 da ordenanza xeral de subvencións da Deputación que dispón que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar do órgano que as concede a modificación da resolución de concesión, incluídos o prazos de execución e xustificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención ou da axuda pública.
A solicitude de modificación deberá estar xustificada, presentándose de forma inmediata á aparición das circunstancias que a motiven e con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido, salvo que para as modificacións se fixen outros prazos nas bases reguladoras.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin incrementar a contía subvencionada. A solicitude deber presentarse antes de que finalice o prazo de realización do investimento ou actuación obxecto de subvención e sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 21/11/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 21/11/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da modificación do acordo de concesión, e do informe da Intervención Provincial, de data 29/11/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Modificar o acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial núm. 14.31580 do día 8 de abril de 2022, polo que se concedía ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha subvención con destino ao financiamento do investimento “*Construción do novo skatepark en Vilagarcía*” (expte.2022005271), co obxecto de substituír o proxecto de execución da obra aportada inicialmente e que figura no expediente polo novo proxecto presentado en data 21/11/2022, aos efectos de que o investimento que se financia coa subvención da Deputación dentro do Plan Concellos 2022-2023 poida ser executado nos termos establecidos polo Concello.
- O novo proxecto, que non modifica a tipoloxía da actuación inicialmente aprobada, supoñe un incremento do orzamento de execución por contrata que pasa de 309.426,03 euros a 374.766,65 euros, o que supón un aumento de 65.340,62 euros, debendo a entidade municipal asumir o sobre custe. O importe da subvención con cargo a Deputación de Pontevedra dentro do Plan Concellos 2022-2023 permanece invariable en 109.426,03 euros; quedando o cadro de financiamento do devandito investimento tal que como se reflicte deseguido:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2022	374.766,65	109.426,03	0,00	265.340,62
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	374.766,65	109.426,03	0,00	265.340,62

- O resto do texto do acordo da Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 8 de abril de 2022, núm.14.31580, permanece invariable.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vilagarcía de Arousa*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



22.32385.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO “PROGRAMA ACCIÓNS CULTURAL E EDUCATIVAS PARA SENSIBILIZACIÓN EN IGUALDADE E PREVENCIÓN DA VIOLENCIA” DO CONCELLO DE TOMIÑO (EXPTE. 2022024022)

O Concello de Tomiño solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “Programa accións cultural e educativas para sensibilización en igualdade e prevención da violencia”, ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 47 de 9 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 29 de xullo de 2022, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 5.245,27 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 16 de novembro presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2022058656, previamente o día 4 de novembro presentaran outro escrito WEB2022056625, do que solicitan corrección. Neste escrito solicitan a modificación no proxecto presentado inicialmente, en canto ao alumnado que participará no desenvolvemento de dous obradoiros incluídos no proxecto.

Entre as actividades programadas inicialmente dentro do proxecto atópanse a realización de dous obradoiros para a promoción da igualdade e a prevención da violencia de xénero con alumnado do IES Antón Alonso Ríos. Pero por motivos de axenda e organización co instituto indicado non poden facer as 22 sesións programadas inicialmente no centro e vense na obriga de solicitar a modificación para realizar un dos obradoiros en outros centros educativos do concello dirixidos ao alumnado de 5º e 6º de primaria e, o outro obradoiro dirixilo soamente ao alumnado de 1º da ESO do IES Antón Alonso Ríos.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución, se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros e; tendo en conta o anterior e o artigo 64 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, por tratarse de causas sobrevindas, xa que dende o concello descoñécese os inconvintes expostos dende o centro educativo tralo comezo do curso escolar, non podendo comunicar con anterioridade dita modificación; considerase xustificada esta modificación. Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2022.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a modificación do proxecto “Programa accións cultural e educativas para sensibilización en igualdade e prevención da violencia”, presentado polo Concello de Tomiño (CIF: P3605400-E), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2022.

23.32386.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022072392, que contén unha factura e por un importe de 410,82€, e con CSV: NSROXX30KRI1GGBK, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 02/12/2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en *exercicios pechados*, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de *recoñecemento extraxudicial de créditos*, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total	410,82 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos	0,00 €
Outros descontos	0,00 €
Total líquido	410,82 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

b) Vista a relación de facturas con número 2022072406, contén nove facturas e por un importe de 1.536,52€ e con CSV: I9JYE24RY4IHWYU4 e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 2 de decembro 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	1.536,52 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	1.536,52 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



24.32387.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO NA SESIÓN DO 24 DE NOVEMBRO DE 2022 (ACORDO NÚMERO 11.32308) RELATIVO Á APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA PARA ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA”. (EXPT. 2020029219).

Visto o erro padecido no acordo número 11.32308 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24/11/2022 relativo á aprobación da segunda prórroga do contrato de “Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra”.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a segunda prórroga do contrato do “Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra” suscrito coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (CIF: A50878842), durante o período desde o 11 de marzo de 2022 ó 10 de marzo de 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

DEBE DICIR:

(...)

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a segunda prórroga do contrato do “Servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para entidades locais da provincia de Pontevedra” suscrito coa empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN, S.A. (CIF: A50878842), durante o período desde o 11 de marzo de 2023 ó 10 de marzo de 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



25.32388.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ITURRI, S.A., PARA RESPONDER DEL CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO DE EXTINCIÓN E RESCATE EN ALTURA PARA O CONSORCIO COMARCAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DO BAIXO MIÑO, CONDADO E LOURIÑA (LOTE 2)”. (DEVOGARAN 2022066634)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 15 de xullo de 2005, adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato relativo a “*Subministro dun vehículo de extinción e rescate en altura para o Consorcio Comarcal Contraincendios e Salvamento das comarcas de Baixo Miño, Condado e Louriña*” (Exp. Ano 2005).

Para responder da realización deste contrato, a empresa ITURRI, S.A. (CIF.- A-41050113), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación, por importe de 19.199,20€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201300129428 de data 10/10/2013 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200500077656 de 10/08/2005*).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ITURRI, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministro dun vehículo de extinción e rescate en altura para o Consorcio Comarcal Contraincendios e Salvamento das comarcas de Baixo Miño, Condado e Louriña*” (Exp. Ano 2005), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *Banco Santander Central Hispano*, por importe de 19.199,20€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129428 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200500077656 de 10/08/2005*).



26.32389.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA, ITURRI, S.A., PARA RESPONDER DEL CONTRATO CORRESPONDENTE AO “SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA O PARQUE CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DO BAIXO MIÑO, CONDADO E LOURIÑA”. (DEVOGARAN 2022066550)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 06 de outubro de 2006, adxudicouse, mediante procedemento aberto, o contrato relativo a “*Subministro de equipamento para o parque contraincendios e salvamento de Baixo Miño, Condado e Louriña*” (Exp. Ano 2006).

Para responder da realización deste contrato, a empresa ITURRI, S.A. (CIF.- A-41050113), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 4% do prezo de adxudicación, por importe de 7.595,40€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 201300129458 de data 10/10/2013 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200600093960 de 30/10/2006*).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa ITURRI, S.A., dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Subministro de equipamento para o parque contraincendios e salvamento de Baixo Miño, Condado e Louriña*” (Exp. Ano 2006), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *Banco Central Hispano / Banco Santander*, por importe de 7.595,40€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129458 (*Anteriormente operación (MI) Mandamento de Ingreso con número de operación 200600093960 de 30/10/2006*).



27.32390.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A “ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DUNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓN DO SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR E AO CASTELO DE SOBROSO”. (EXPTE. 2022058925)

Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas, desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino Rías Baixas, a través de competencias tales como a organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo, que contribúan a mellorar a comunicación da imaxe de marca do destino Rías Baixas, a realización e promoción de estudos turísticos, o desenvolvemento de proxectos que contribúan á creación de produto turístico, así como á comercialización deste.

A institución provincial ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior dende o ano 1982. O Castelo de Soutomaior constitúe un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas, motivado, fundamentalmente, polo incremento do turismo cultural. Nos últimos anos o Castelo e os seus xardíns convertéronse nun dos recursos turísticos máis visitados da provincia de Pontevedra, contando con máis de vinte e cinco mil visitantes ao ano.

Con respecto ao Castelo de Sobroso, á edificación e á súa leira, a institución provincial ten cedido o seu uso, a título gratuito dende o ano 2014, por parte do seu propietario, o Concello de Pontearreas. Complementa a rede de recursos turísticos da institución provincial a través dun convenio de colaboración. O actual convenio entrou en vigor o 1 de xuño de 2020 e a súa vixencia manterase por un período de quince anos. O servizo de Turismo Rías Baixas é responsable da súa conservación, mantemento, xestión e promoción co fin de situalo como outro dos principais recursos turísticos culturais do destino Rías Baixas.

Ademais, o Plan Estratéxico Provincial de Turismo 2021-2023, con diferentes e moi claros obxectivos para cubrir os retos que se marca o noso destino, é unha ferramenta fundamental cuxo obxectivo é definir a estratexia a seguir para consolidar Rías Baixas como un destino turístico sostible, inclusivo e intelixente, alienado coa Norma UNE178501 e a Axenda 2030 de Nacións Unidas.

O servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra está a traballar na mellora dos sistemas integrais de acceso e venda de entradas para ambos recintos, buscando a axilización do servizo, tanto para as persoas usuarias coma para os propios traballadores dos Castelos. Co fin de contar cun sistema que unifique os sistemas de ticketing existentes e individualizados, e permitir a interconexión entre eles, para poder xestionar de forma máis rápida os accesos ás fortalezas e obter información das visitas o que servirá aos xestores á hora de implementar melloras nos recintos e nos servizos prestados nos mesmos.



Para a implantación deste sistema integral de acceso e venda de entradas para os Castelos de Soutomaior e Sobroso, é necesario recorrer a empresas do sector que posúan a capacidade para realizar este tipo de servizos, debido á non disposición dos medios necesarios e suficientes por parte da Deputación de Pontevedra.

A Xefa do Servizo de Turismo, remite ó Servizo de Contratación providencia de inicio (csv LP1BTHWI3P2OQFJ9), solicitando a incoación do expediente para levar a cabo a contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso.

Xunto coa referida proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas rexerán na contratación.

Resultando que a Intervención emite documento de retención de crédito RCFUT1 número de operación 2022000240808 por importe de 39.930,00 €, con cargo a aplicación orzamentaria 2022/433.3360.227.99 (vinculación) e RCFUT1 número de operación 202200240810 por importe de 25.410,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 2022/433.3360.227.99, do orzamento provincial. Os importes correspondentes á anualidade 2023, quedarán condicionadas a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Na Memoria xustificativa do contrato csv 4BDZ7TBS43X28SKK, o Xefe do Servizo de Contratación xustifica que o réxime xurídico do contrato é administrativo de servizos, O procedemento de adxudicación elixido é o aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico - administrativas.

Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral csv QCWZ65E6NDMG4AEQ, remítese o expediente ao Servizo de Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Resultando que con data a Intervención informa favorablemente o expediente co csv XREGNTMBA746LWZ8, no que recolle a seguinte observación:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/ subcriterio.”



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior e ao Castelo de Sobroso, polo importe total IVE engadido de 65.340,00€.

A estimación para cada un dos Castelos é o seguinte:

	Importe Fixo	Importe Variable	IVE	TOTAL
Castelo de Soutomaior	9.000,00 €	24.000,00 €	6.930,00 €	39.930,00 €

	Importe Fixo	Importe Variable	IVE	TOTAL
Castelo de Sobroso	9.000,00 €	12.000,00 €	4.410,00 €	25.410,00 €

- O sistema de determinación do prezo: a tanto alzado.
- Valor estimado do contrato: 216.000,00€
- O prazo de duración: un ano a contar desde a data de formalización do contrato.
- A prórroga: Establécese ata un máximo de 3 prórrogas, de un ano de duración cada unha.

2.- Autorizar a tramitación anticipada (ordinaria) do gasto por importe máximo de 65.340,00€ que se financiará de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023 Castelo Soutomaior	433.3360.227.99 ou na vinculación xurídica	39.930,00€
2023 Castelo Sobroso	433.3363.227.99	25.410,00€



Os importes correspondentes á anualidade 2023 quedarán condicionados a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

3.- Aprobar o prego prescricións técnicas csv GMOVBF86HFNK6U44 o e o prego de cláusulas económico-administrativas csv D4F6B20PPXCAVGO6.

4.- Designar como responsable do contrato á Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, Ruth González Reyes.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de presentación de ofertas que rematará as 10 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte ao envío do anuncio ao DOUE.

28.32391.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE CONSULTORÍA PARA A REDACCIÓN DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA E RURAL 2030 DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (AUPO 2030)”.
(EXPTE.2022066946)

A Axenda Urbana Española, tomada en consideración polo Consello de Ministros o 22 de febreiro de 2019, é a folia de roteiro que vai marcar a estratexia e as accións para levar a cabo ata 2030, para facer dos nosos pobos e cidades ámbitos de convivencia amables, acolledores, saudables e concienciados. Esta elabórase para cumprir os compromisos adquiridos por España en varios acordos internacionais: a Axenda para o Desenvolvemento Sostible 2030, a Nova Axenda Urbana de Nacións Unidas e a Axenda Urbana para a Unión Europea.

Esta Axenda é unha política nacional urbana que incide no territorial e no urbano cunha visión global, integrada e continuada no tempo. Tamén é unha política panca con capacidade de acelerar a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e, en particular, o ODS 11 sobre cidades sostibles, inclusivas, seguras e resilientes. E, por último, é ademais unha guía metodolóxica para que todos os actores, públicos ou privados que interveñen nas cidades, e especialmente as Administracións Locais, poidan elaborar os seus propios plans de acción e implementación.

O principal beneficio que achega a Axenda é a capacidade de ordenar a toma de decisións cunha visión estratéxica de maneira que todas elas sexan coherentes, sistemáticas, integradas e baseadas na coordinación e cooperación de todas as áreas das Entidades Locais, e co resto das administracións e axentes involucrados. Trátase de contar con estratexias globais que teñan en conta factores sociais, económicos, territoriais e ambientais, baixo o prisma da sustentabilidade.



No marco do período de programación de fondos 2021-2027 existiu unha negociación a nivel estatal e no seo da UE para que se teña en conta a existencia destes Plans de Acción da Axenda Urbana nas posibles novas convocatorias. Trátase de ir orientando as Estratexias de Desenvolvemento Sostible e Integrado a documentos verdadeiramente estratéxicos e non xerados “ad hoc” para acudir a unha concreta convocatoria. Iso redunda nunha maior eficacia na xestión dos proxectos que conformen aquel Plan de Acción e nunha verdadeira implicación local nos mesmos.

En virtude do anterior, a Deputación de Pontevedra aprobou o Plan Estratéxico de Fondos Europeos onde se establecen as prioridades para avanzar no deseño dun modelo de desenvolvemento urbano e rural para ser unha provincia máis sostible, resiliente, inclusiva e segura e a forma máis eficaz para facelo é ordenando a toma de decisións de maneira participativa e cunha visión estratéxica na que se aproveite a bagaxe creada no noso modelo de establecemento de redes coas institucións, os sectores estratéxicos e o tecido social, así como favorecer a captación de fondos da Unión Europea. Nesa liña a Deputación de Pontevedra presentou solicitudes de subvención para a rehabilitación de diversos edificios (Príncipe Felipe e Museo de Pontevedra) ao programa PIREP do MITMA, que establece como requisito ter aberto o proceso de elaboración dun Plan de Acción de Axenda Urbana.

Neste sentido apóstase pola elaboración dun Plan de Acción da Axenda Urbana e Rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030), unha vez realizado o diagnóstico territorial o pasado ano 2021, para o que se asinou o 7 de setembro de 2022 o Protocolo xeral de actuación entre a Secretaría Xeral de Axenda Urbana e Vivenda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Deputación de Pontevedra. Devandito Protocolo sinala na cláusula primeira relativa ao obxecto que “(...) *La Diputación de Pontevedra comparte los objetivos y finalidades propuestos en la Agenda Urbana y en el resto de Acuerdos Internacionales que la preceden (...)*” e que decidiu “(...) *elaborar para sus municipios un Plan de acción de la Agenda Urbana que, teniendo como base los objetivos definidos en su marco estratégico, responda a la consecución de aquellos con una visión coherente e integrada y que aplique la metodología propuesta por la propia Agenda*”.

O obxectivo que pretende a Deputación de Pontevedra é deseñar, como se comentou anteriormente, ese modelo de desenvolvemento urbano e rural para ser unha provincia máis sostible, resiliente, inclusiva e segura. Á vez que mellora a planificación territorial de forma transversal, os instrumentos de xestión de esta e, por outro lado, intensifica as accións de aliñamento coa Axenda 2030 no conxunto do territorio provincial.

Por tanto, este Plan de Acción será a guía para o conxunto de políticas urbanas na Deputación de Pontevedra a través de plans, proxectos ou cambios normativos que resulten necesarios par alcanzar os obxectivos que se propoñen. E, a súa vez, está concibido coma un instrumento útil, rigoroso e participativo que determinará o marco de diálogo e a folla de roteiro a seguir cos municipios desta provincia, de forma especial cos municipios de menos de 20.000 habitantes (por ser os que teñen menos medios e recursos para iso), que supoñen máis do 80% do total dos 61 municipios que integran a provincia, para que alcancen a resiliencia necesaria e poidan adaptarse aos grandes retos



de futuro e garantir a súa sustentabilidade. Polo que, neste proceso de participación os municipios serán axentes imprescindibles para alcanzar os obxectivos estratéxicos da Axenda, e a Deputación de Pontevedra, como organismo vertebrador da Provincia, convértese no actor clave para o desenvolvemento deste Plan de Acción no marco da Axenda Urbana Española e, en consecuencia, da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, sendo un dos seus principais obxectivos a consecución de cidades e asentamentos humanos inclusivos, seguros, resilientes e sostibles.

Á vista de todo o exposto o Deputado Delegado do Servizo de Cooperación solicita que se inicien os trámites para a contratación do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030).

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Asemade, na memoria xustificativa elaborada pola xefatura do servizo de contratación, xustifícase que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo e de servizo, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade – prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Con data 09/11/2022, a Intervención emite documentos RC fut 1 con numero de operación 202200220669 por importe de 145.249,78 €.

Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 28/11/2022, seguidamente trasládase o expediente de contratación á Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.

Con data 07/12/2022 a Intervención informa favorablemente o expediente coas seguintes observacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio.”



Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta á Ilma. Presidenta para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de consultoría para a redacción e elaboración do Plan de acción da axenda urbana e rural 2030 da Deputación de Pontevedra (AUPO 2030).

2.- Autorizar o gasto por importe total de 145.249,78 € con cargo a aplicación orzamentaria 23/942.9420.227.06 (ou vinculación xurídica). Ao tratarse dunha tramitación anticipada quedará condicionado a aprobación do orzamento do exercicio 2023 e a existencia de crédito axeitado e suficiente.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación (CSV ASGLH70ZHSP9R1J5) e o prego de prescricións técnicas co código seguro de verificación (CSV N4ONSY21EYG0S10V).

4.- Nomear persoa responsable do contrato Natalia Abalo Araujo, Adxunta a Xefatura do Servizo de Promoción de emprego e Desenvolvemento Local

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

29.32392.- COMUNICACIÓNS
Non houbo.

30.32393.- ROGOS E PREGUNTAS
Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

